

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

13485 *Corrección de erros do Real decreto 1301/2009, do 31 de xullo, polo que se crea a Comisión interministerial para a designación da sociedade xestora do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.*

Advertidos erros no Real decreto 1301/2009, do 31 de xullo, polo que se crea a Comisión interministerial para a designación da sociedade xestora do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 185, do 1 de agosto de 2009, transcríbense a continuación as oportunas rectificacións:

Nas páxinas 1 e 2, as alíneas a), b) e c) do artigo 3 débense substituír por unha alínea a) e unha alínea b) coa seguinte redacción:

«a) A designación da sociedade xestora do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, mediante un procedemento baseado nos principios de obxectividade, transparencia e publicidade. Esta sociedade xestora será considerada entidade promotora do dito fondo, e rexerese segundo o disposto no Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulización de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulización.

b) A determinación das condicións técnicas, económicas, financeiras e patrimoniais que deberá cumprir a sociedade que xestione o Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, así como as condicións en que se deberán executar as tarefas que se asignen á sociedade xestora. Para tal efecto, a comisión interministerial nomeará os membros dun comité de seguimento en que tamén se integrará un representante designado pola sociedade xestora.»

Na páxina 2, no artigo 5, liñas dúas e tres, débese eliminar a frase: «... representantes doutros órganos da Administración xeral do Estado...».